


2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos): a) Localice cinco sistemas montañosos con presenza da cor verde (1 punto). b) Identifique o documento e nomee a área litolóxica que corresponde a cada cor da lenda (1 punto). c) Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor morada (1,5 puntos). d) Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor amarela (1,5 puntos).



a. Localice cinco sistemas montañosos con presenza da cor verde. (1 punto)

1. Pireneos. 2. Montes Vascos. 3. Sistema Ibérico. 4. Cordal Cantábrico. 5. Sistema Sub-bético (ou Sistemas Béticos)

b. Identifique o documento e nomee a área litolóxica que corresponde a cada cor da lenda (1 punto).

Cor **morada**: terreos **silíceos**. Cor **verde**: terreos **calcáreos**. Cor **amarela**: terreos **arxilosos**. Cor **laranxa** (ou vermella): terreos **volcánicos**.

c. Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor morada (1,5 puntos).

A área litolóxica de cor morada correspóndese coa **España silícea**. Está formada por rochas moi antigas (do Precámbrico e do Paleozoico), que formaron parte de **antigos macizos arrasados**. Localízase nas rexións nas que aflora o vello zócolo herciniano da Meseta e noutras áreas de macizos antigos. Ocupa boa parte do terzo **oeste peninsular** e forma **manchas illadas** no eixe central dos **Pireneos, Penibéticas**, algunhas serras do **Sistema Ibérico** e a **Cordilleira Costeira Catalá**. Estas rochas -que tamén **poden** ser **metamórficas** como as lousas, xistos ou gneis-, preferentemente **ígneas** -como o granito-, dan lugar a **relevos** característicos **graníticos**, nos que se inclúen como **formas de modelado**: as cristas, os pedregais, as pedras cabaleiras, os tors, os domos, os berrocais ou os caos de bólas.

d. Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor amarela (1,5 puntos).

A área litolóxica de cor amarela correspóndese coa **España arxilosa**. Está formada por **rochas brandas** (arxilas, margas, xesos) que foron depositadas no **Cuaternario**. A área de expansión esténdese polas **depresións terciarias**: as concas castelás, as depresións do Ebro e Guadalquivir e as **chairas litorais mediterráneas**. Estas rochas forman **relevos basicamente horizontais**, por non sufrir pregamentos posteriores. A súa rápida erosión xera:

Zonas de escasa vexetación: **cárcavas** que poden orixinar os **badlands**.

Zonas onde a erosión dos ríos abriu **vales** que separan estruturas horizontais con alternancia de materiais e orixinan chairas suavemente onduladas: as **campiñas**.